

PROTOCOLO DE USO DA BIBLIOTECA DA MEIGA TINTUREIRA

(CEIP A PAZ- CURSO 2020/2021)

A biblioteca so abrirá en horario lectivo de mañá, permanecendo pechada polas tardes.

1. ACCESOS

- **A porta da esquerda** será a porta de acceso para educación Infantil e 1º e 2º de educación primaria. **A porta da dereita** será a porta de acceso para 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria. Ambas portas estarán debidamente sinalizadas.

- Para acceder á biblioteca será **obligatorio levar máscara e facer uso do xel hidroalcohólico** que levarán as titoras de EI, 1º e 2º e o situado na porta de acceso de 3º, 4º, 5º, e 6º de Primaria. Farase uso igualmente do xel hidroalcohólico antes de abandonar a biblioteca.

- O alumnado só accederá á biblioteca cando estea acompañado dunha mestra/e.

- Cada Grupo Estable de Convivencia fará **uso da biblioteca un día á semana** (ver horario) **nunha sesión de clase** coa súa titora segundo o horario establecido pola Xefatura de Estudos.

Baixarán en grupos de 5 para coller ou devolver o libro que lerán na aula na Hora de Ler ou cando as mestras e mestres consideren.

Cando unha alumna ou alumno decida cal é o libro que quere levar prestado deberá comunicarllo ao mestre ou mestra que estea na Biblioteca, non podendo collelo directamente dos andeis.

- **Non se poderán utilizar os ordenadores da biblioteca**, como medida de protección contra a COVID-19.

2. PRÉSTAMO E DEVOLUCIÓNS

- Realizaranse préstamos ás aulas dos **itinerarios lectores** e dos fondos que as titoras consideren necesarios para ofertar ao alumnado na Hora de Ler e ao longo da xornada lectiva. Os préstamos e devolucións de aula serán realizados pola titora.
- **Cada titora realizará o préstamo e devolución** de fondos do seu alumnado na **hora de biblioteca** que cada curso ten asignada anotándoos no Meiga.
- Os fondos devoltos pasarán a estar en **corentena durante unha semana na caixa asignada a cada curso** situada nas mesas a carón do posto da bibliotecaria ou bibliotecario.
- Pasada esa semana a titora, na hora de biblioteca ou cando considere devolverá os fondos aos andéis sen esquecerse de meter os datos da devolución no Meiga.

3. LIMPEZA E VENTILACIÓN

- Levarase a cabo a **ventilación** da biblioteca se é posible durante todo o horario lectivo e, por suposto, **despois do uso da biblioteca por parte das titorías**.
- Levarase a cabo a desinfección de todos os postos e recursos da biblioteca despois de ser usados.
- Levarase a cabo a limpeza e desinfección xeral da biblioteca unha vez ao día polo persoal de limpeza do centro.

4. DINAMIZACIÓN, DIFUSIÓN E RELACIÓN COAS FAMILIAS

- Potenciarase o uso dos **recursos non presenciais** na dinamización e difusión das propostas e actividades no Blogue da Meiga Tintureira.
- Valorarase a apertura da BBS para o alumnado nos recreos e para familias en horario de tarde en función da evolución da pandemia e á vista do funcionamento do protocolo de uso da biblioteca en horario lectivo.

5. XOGOS NA BIBLIOTECA

- Os xogos de mesa poderán prestarse ao profesorado para uso individual na aula. Unha vez rematado o préstamo o material devoverase desinfectado.

6. ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO

- O protocolo será revisado e actualizado en función da evolución da pandemia, das posibles modificacións nas instrucións enviadas polas autoridades educativas e sanitarias e da avaliación sobre o funcionamento do mesmo, realizada polo claustro e o equipo de biblioteca.

Biblioteca da Meiga Tintureira
Ceip a Paz
Curso 2020- 2021



HORARIO Biblioteca

Curso 2020- 2021

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15 - 10:00	4°B			3°	
10:00- 10:45		4° A			
10:45 - 11:30		2°		1°	
11: 30 - 12:30	HORA DE LECER				
12:30 - 13:15					
13:15 - 14:00	6°				5°